

A APRENDIZAXE TRADICIONAL DA GAITA DE FOL GALEGA

PABLO CARPINTERO ARIAS. DEPARTAMENTO DE HISTORIA DA ARTE. FACULTADE DE HISTORIA.
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. NOVEMBRO 2006.

Os datos aquí expostos son o froito do traballo de campo levado a cabo entre os anos 1998 e 2006 por toda Galiza, metade norte de Portugal, Asturias e Sanabria (Zamora), durante o que se entrevistaron 116 gaiteiros tradicionais galegos. Posto que pretendiamos estudar a aprendizaxe tradicional da gaita de fol galega, debiamos elixir gaiteiros tradicionais polo que, seguindo as indicacións de Bela Bartok¹, fuximos de gaiteiros urbanos por considerar que, a maior parte das veces, están xa inmersos no puro folclorismo, corrente que Josep Martí tipifica cunha máxima que achamos acertada en extremo: *"folklore es vivencia y folklorismo vivencia de una vivencia"*.

Como intérpretes que somos deste instrumento, e sabedores das dificultades que entraña a súa aprendizaxe, sobre todo a curta idade, unha das primeiras observacións chocantes foi comprobar que moitos dos nosos informantes dicían ter comezado a tocar a gaita de fol como semiprofesionais (é dicir, cobrando por elo e facendo festas cando o gaiteiro aínda era o único responsable musical de moitas delas) a temperana idade de 12-14 anos, más aínda, sorprendentemente moitos relataban ter feito a primeira actuación ¡tan só uns días despois de obter a súa primeira gaita de foll! ¿cómo se pode aprender a tocar nuns días un instrumento que leva anos manexar con certa soltura e media vida con habilidade? A resposta a pregunta é sinxela: a aprendizaxe tradicional da gaita de fol está estruturado de tal xeito que as habilidades e destrezas necesarias para o seu manexo son adestradas unha por unha, empregando sinxelos instrumentos, antes de acceder á gaita de fol, algo totalmente contrario ó tipo de aprendizaxe imposta dende os anos 60 aproximadamente, no que os futuros gaiteiros adestrán dende os 7-8 directamente cunha gaita de fol, quizais comezando a adestrar as habilidades de dixitación cunha frauta de pico (mercada nunha tenda), instrumento este


¹ Bartok, B. Escritos sobre música tradicional....

²Entre elas cabería destacar: oído e memoria musical, dixitación, capacidade e forza de sopro, tempero dun fol, construcción de foles, palletas e pallóns, e, por fin, técnica de afinación a través da comprensión da súa relación, nos aerófonos, cos tamaños dos furados e coa intensidade do fluxo de aire.

último cunha dinámica sumamente diferente á do instrumento que se pretende remediar.

Antes de comezar a debullar os segredos da aprendizaxe tradicional, caractericemos ós nosos informantes: en total entrevistamos 116 gaiteiros galegos, por suposto todos homes, pois a gaita de fol é, na cultura tradicional galega, un instrumento netamente masculino. Os gaiteiros da zona asturiana Eo-Navia contámoslos entre os galegos pois cultural e instrumentalmente o son. Traballamos tamén con 17 gaiteiros portugueses e 5 zamoranos para obter referencias externas.

Os gaiteiros galegos entrevistados distribúense como segue:



As zonas onde se aprecia menos abundancia de gaiteiros non son aquelas menos visitadas, este é só o caso da zona medio oriental dos Ancares onde o noso traballo de campo foi limitado (aínda que non nulo). As zonas centrais das provincias de Lugo e Pontevedra, así como case toda a provincia de Ourense (excepción feita das comarcas da Limia e Baixa Limia), non son ricas en gaiteiros tradicionais, como tampouco o son, en xeneral, as zonas costeiras.

Na figura 1 apreciamos a distribución dos gaiteiros por provincias e vemos como en Lugo atopamos o 37% e na Coruña o 26.7% dos nosos informantes o que, pensamos, non é máis que un reflexo da ruralidade destas provincias polo menos no caso de Lugo.

ORIXE DOS GAITEIROS




Fig. 1: distribución dos gaiteiros entrevistados por provincias.

No que respecta ás idades dos informantes, áchanse estas entre os 98 e os 65 anos, cunha moda de 79 anos, o que tampouco implica que non consultaramos informantes más novos, senón que aqueles que o son non adoitan a ter aprendido xa do xeito tradicional. Na figura 2 aparecen os gaiteiros agrupados polo seu ano de nacemento.




Fig. 2: ano de nacemento dos gaiteiros entrevistados.

Facilmente se aprecia que a gráfica da figura 2 se asemella a unha distribución normal centrada aproximadamente nos anos 1926-1930, o que non tería ningún tipo de sentido se non fose por dúas razóns: a primeira delas a guerra civil, que deixou uns anos 1940 de extrema frialdade musical pola cantidade de mortos masculinos nas familias, as prohibicións para facer festas e xuntanzas e as penurias económicas; e a segunda delas, que a maior parte dos gaiteiros tradicionais entrevistados obteñen a súa primeira gaita de fol entre os 12-16 anos, como vemos nesta gráfica:

Ambos procesos explican por qué o nacemento de gaiteiros tradicionais se reduce a partir dos anos 30. A actividade gaiteiril non repunta ata os anos 60 pero esta vez xa cun sistema de aprendizaxe novo, en nada semellante ó tradicional, polo que podemos afirmar que a guerra civil supuxo un durísimo golpe para os gaiteiros tradicionais.




Fig. 3: idades ás que os informantes comenzaron a tocar con algún instrumento.

Na figura 3 representamos as idades ás que os gaiteiros comenzaron a tocar con algún instrumento sinxelo. Dos 116 gaiteiros entrevistados 67 non concretaron unha idade aludindo simplemente a que comenzaran “de nenos”; sen embargo, moitos deles si lembraron aproximadamente esta idade, e entre estes é moi curioso que ningún deles lembra ter comenzado ós 11 anos de idade. Se desta distribución tiveramos que inferir unha normal, esta estaría centrada aproximadamente nos 7-9 anos, que seguramente é a idade á que se refiren aqueles que respondan “de neno”.

Cando os informantes foron interrogados sobre si a súa aprendizaxe fora guiada por alguén ou fora autodidacta, o 54.7% respondeu que aprendera deste último xeito e só o 35% reconece ter tido un mestre directo, como se aprecia na figura 4.

Aprendeu a tocar de alguén?, ou, alguén lle ensinou?




Fig. 4: aprendizaxe autodidacta ou guiada dos informantes.

Por suposto tamén nos interesou de quen aprenderan a tocar ou quen os guiara no proceso de aprendizaxe. Vexamos o resultado na figura 5.

Dun total de 41 (sobre 116) gaiteiros con mestre, este foi o:




Fig. 5: quen guiou a aprendizaxe musical do 35% dos informantes que gozaron dun mestre?



Á vista destes resultados, compre desmontar o mito tantas veces repetido do gaiteiro que o é por ascendencia familiar, resultado de xeneracións de transmisión dun saber secular, é este un proceso raro: só o 2.5% dos gaiteiros (3 de 116) proviñan dunha familia con máis de dúas xeracións de gaiteiros. Entre os que si tiveron unha guía na súa educación como gaiteiros, 8 tiveron un pai gaiteiro e en 7 casos este era músico de acordeón e nun só caso frauteiro. En total o 27.5% dos gaiteiros entrevistados aprenderon dun familiar e só o 6.9% directamente doutro gaiteiro que non era da familia, o que confirma a pouca disposición dos gaiteiros a adestrar á competencia no seu oficio, seguramente porque este podía producir uns substanciosos beneficios se temos en conta a época da que estamos a falar.

Outra cuestión que nos pareceu de grande interese foi coñecer a que idade os gaiteiros comenzaron a tocar por primeira vez nunha gaita de fol. Resumimos os resultados na figura 6.




Fig. 6: Idade á que comezan os informantes a tocar na gaita de fol.

Como se aprecia nesta figura, aproximadamente 20 dos informantes non dan unha resposta clara a esta pregunta. Unha vez más parece que a idade de

11 anos non vén con facilidade á memoria dos entrevistados e, dende logo, é a partir dos 12 anos cando con máis frecuencia se produce o primeiro contacto coa gaita de fol. Xa dixemos que é moi frecuente a lembranza de que pouco tempo despois deste primeiro contacto (moitas veces ós poucos días) xa comezaban a tocar en público. Isto só ten dúas explicacións posibles: ou os gaiteiros minten para gabarse das súas habilidades, ou cando colleron por primeira vez a gaita de fol xa tiñan desenvoltas tódalas capacidades necesarias para tocar. Nós cremos que esta segunda opción é a maioritaria e achamos que o desenvolvemento destas capacidades está intimamente ligado ó tipo de instrumentos musicais empregados polos gaiteiros para a aprendizaxe, pois á pregunta de con que instrumento comezaron a tocar, só 3 dos 116 gaiteiros galegos entrevistados responderon que directamente cunha gaita de fol, mentres que o resto recoñeceron ter tocado e construído de nenos varios tipos de instrumentos musicais antes de coller a súa primeira gaita de fol.

Aínda que os futuros gaiteiros construíron e usaron todo tipo de instrumentos musicais (ídófonos como trécolas, cunchas, paus de entrechoque; cordófonos como os violíns de millo ou membráfonos como as zambombas) só imos analizar aquí os aerófonos pois son os más abundantes con moita diferenza e porque consideramos que son os que contribúen de xeito más conspicuo ó desenvolvemento das capacidades necesarias para tocar a gaita de fol.

Vexamos cales son estes instrumentos musicais e veremos despois que tipo de capacidades están relacionadas co seu uso. Comecemos polos óboes, pois nada menos que o 47% dos gaiteiros tradicional galegos construíron e tocaron algún tipo de óboe cando eran nenos, como se aprecia na figura 7. Estes instrumentos son denominados tradicionalmente como *gaitas*.

Óboes (gaitas)

De gramínea	4 Pontevedra, 1 Lugo
Tobas	5 Lugo
De castiñeiro	19 Lugo, 11 Ourense (un dobre) (5 Zamora)
De sabugueiro	1 Pontevedra, 2 Lugo, 1 Ourense
De cana	1 Lugo
De como de vaca	4 Lugo
Punteiro	1 Pontevedra

Fig. 7: Gaiteiros que empreñaron algún tipo de óboe. O número que precede á provincia indica o número de gaiteiros que construíu e tocou ese instrumento cando era neno.

Vexamos máis polo miúdo cales son estes instrumentos pois coñecéndoos seremos máis conscientes das habilidades que a súa construción require e as que seu uso pode desenvolver.

Os óboes de gramínea (fig. 8) constrúense de xeito moi sinxelo simplemente esmagando a punta dunha palla verde e practicando uns furados nela:






Fig. 8. debuxo dun óboe de gramínea con tres furados tonais.

Deste xeito fica composta na punta da palla unha lingüeta sobre. Dous instrumentos conceptualmente moi semellantes a este son as *tobas* e as *pipas de castiñeiro*³. As *tobas* (fig. 9) fanse enrolando cunha de castiñeiro e dotándoas dunha palleta (pipón) feito tamén coa tona dunha poliña de castiñeiro, poden ou non levar furados tonais e acadar case un metro de lonxitude. As *pipas de castiñeiro* fabricanse coa tona dunha pola, na que se practican ata oito furados tonais, producindose o son mercé a unha palleta de tona, a *pipa*, moi semellante ó *pipón* pero máis pequena.

Aínda que os óboes de palla e as *tobas* son poblemente melódicos, as *pipas de castiñeiro* emiten un son alto, claro e chegan incluso a requintear se están ben construídas, polo que con elas se pode interpretar calquera melodía e son facilmente afinables abrindo os furados coa navalla.

Fig. 9: *toba* (esquerda) e detalle do *pipón* (dereita).



³ Etnofolk? Na zona sur de Galiza estes instrumentos reciben o nome de *gaitas de castiñeiro*, do que facilmente se segue que *gaita* é sinónimo de *pipa*.



Fig. 10: Arriba: extracción da cudla para fabricar unha toba e dúas delas. Abaixo, fabricación dunha pipa de castiñeiro.





Fig. 11: distribución dos gaiteiros que empregaron as pipas de castiñeiro.

Como se pode observar no mapa da figura 11, as *pipas de castiñeiro* foron empregadas en toda a zona oriental e suroriental galega, correspondéndose bastante ben coas zonas máis elevadas⁴ e arcaizantes de Galiza. Na aldea de Vilariño de Conso (nunha das zonas máis altas, montañosas e agrestes de Galiza) temos documentado o que cremos é único exemplo vivo dun dobre óboe na actualidade: consiste en dous tubos de casca de castiñeiro fornecidos con cadansúa palleta, tamén de casca, que son introducidos á vez na boca. Un é curto e posúe oito furados melódicos, mentres que o outro é catro ou cinco veces máis longo e fai as funcións de bordón. O instrumento completo recibe o nome de *gaita de castiñeiro* (fig. 12). Máis que notable supervivencia dun pasado moi lonxano, quen sabe se incluso paleolítico⁵.

⁴ Dicimos elevadas e non montañosas porque a Limia e Baixa Limia, zonas arcaizantes en canto á actividade gaiteiril, non son montañosas pero si elevadas.

⁵ Lembremos que osdobres óboes aparecen documentados por primeira vez en Mesopotamia hai máis de 6000 anos REF e que foron frequentísimo sen tódalas grandes culturas da antigüidade (Mesopotamia, Exipto, Grecia, Roma e Fenicia) sobre todo contra o troco de era. A presenza dosdobres óboes en todas




Fig. 12: fabricación da gaita de castiñeiro sobre de Vilarinho de Conso.



A fabricación de pallas esmagadas, tobas e sobre todo das pipas de castiñeiro ensinaron ós futuros gaiteiros múltiples habilidades entre as que colle destacar: o manexo da navalla con precisión, a construcción de lingüetasdobres sinxelas e a afinación da escala abrindo furados; mentres que seu uso require folgos suficientes (pois non deixan de ser óboes), tempero para conseguir unha correcta afinación e habilidade nos dedos para dixitar correctamente. Os nenos adoitaban a comezar tocando con tres furados e logo ían os aumentando paulatinamente, ata oito, segundo medraba a súa habilidade para manexar o instrumento. Cando o neno demostraba sobrada habilidade no manexo das pipas logo accedia á gaita de fol, ben porque algún familiar lla mercase decatándose da súa boa disposición para a música, ben porque coa idade que

estas culturas, inclusive na indoeuropea, dá pé a hipotetizar coa posibilidade de que estes instrumentos estivesen xa presentes antes da súa diferenciación, é dicir, antes de o home chegase a Europa.

tiñan daquela (uns 12 anos) xa podían traballar e facer uns aforriños para o tan desexado instrumento que viña a custar, aproximadamente, uns 25 xornais.

Óboes (gaitas)		De entre tódolos informantes consultados, dez construíron algúun tipo de óboe de madeira con lingüetasdobres feitas de cana. Na figura 13 ofrecemos a información sobre o material do corpo destes óboes, así como a provincia de procedencia. Unha vez máis vemos que dos dez casos sete pertencen á provincia de Lugo.
De sabugueiro	1 Pontevedra 2 Lugo 1 Ourense	
De cana	1 Lugo	
De corno de vaca	4 Lugo	
Punteiro	1 Pontevedra	

Fig. 13: número de gaiteiros entrevistados que empregaron outros tipos de óboes.

Clarinetes (gaitas)		Na figura 14 apréciase que o 72% dos informantes empregaron de nenos algúun aerófono de lingüeta sinxela, é dicir, algúun instrumento da familia dos clarinetes. Deste xeito, o 58% dos gaiteiros tradicionais manexaron clarinetes fabricados dalgún tipo de gramínea (centeo, avea, trigo ou cebada) ⁶ (Fig. 15). A fabricación dunha
De gramínea	5 Pontevedra, 34 Lugo (6dobres) 19 A Coruña (3dobres) 9 Ourense	
De cana idíogl.	2 Lugo, 1 A Coruña	
De cana heterogl.	3 Pontevedra 3 Lugo 5 A Coruña	
De sabugueiro	2 A Coruña	

Total que aprenderon con clarinetes: 72%
Total que aprenderon con gaitas de alcacén: 58%

Fig. 14: uso dos aerófonos de lingüeta sinxela (clarinetes) entre os gaiteiros entrevistados.

gaita ou pipa de alcacén é sinxela, co segundo entrenó dunha gramínea tallase unha lingüeta na parte superior (decote aberta cara ó no) e un número de furados que van de tres a oito, cortándose o nó do fondo e quedando por alí abierto o instrumento. En varios lugares de Galiza temos documentadas gaitas de alcacéndobres nas que outro tallo, tamén cunha lingüeta sinxela, fai as

⁶ Estes instrumentos son denominados *pipas de alcacén*, na zona oriental, e *gaitas de alcacén* na occidental.

vezes de bordón sendo introducido na boca ó mesmo tempo que o tubo melódico. Curiosamente na zona onde se documentan as gaitas de catro voces⁷, tamén temos documentados clarinetes con dous bordóns. Vexamos estes instrumentos e a distribución dos gaiteiros que fabricaron as gaitas de alcacén.



GAITAS DE ALCACÉN
DOBRES





Fig. 15: gaitas de almacén. Arriba: sinxelas, Centro,dobres sen xunguir (Bergantíños). Abaixo:dobres xunguidas (Riotorto).

Instrumentos idénticos ás *gaitas de alcacén* e as *gaitas de alcacén dobles* están documentados nas grandes culturas da antigüidade incluso antes que os

⁷ Gaitas de fol con tres bordóns, dous deles de lingüeta sinxela, roncón e ronquilla, e un de lengüeta dobre, o grilleiro, documéntanse dende o século XIX nas comarcas de Arzúa e Terra de Melide, así como nos concellos limítrofes da provincia de Lugo. REF Carpintero, P. Etnofolk.

dobres óboes, polo que colle tamén a posibilidade que estes instrumentos pertenceran xa á cultura humana antes da invasión de Europa por parte do home.




Fig. 16: distribución do uso das pipas ou gaitas de alcacén entre os informantes consultados.

Á vista do mapa da fig. 16 dedúcese que na provincia de Lugo e Ourense foi moi frecuente que os futuros gaiteiros soubesen fabricar pipas de alcacén e pipas de castiñeiro, mentres que na provincia da Coruña só fabricaban as gaitas de alcacén, non aparecendo ningún destes dous instrumentos entre os gaiteiros entrevistados da provincia de Pontevedra. Tampouco a fabricación das gaitas de alcacén é frecuente entre os gaiteiros portugueses entrevistados que preferiron, como os de Pontevedra, a

fabricación de frautas; como logo veremos os furturos gaiteiros desta provincia tamén fabricaban sinxelos clarinetes pero empregando cana e sabugueiro. Curiosamente semella que é o río Ulla o que exerce de fronteira para o uso das gaitas de alcacén.

Dos 116 informantes consultados 15 fabricaron os clarinetes empregando cana ou sabugueiro⁸ (fig. 17) sendo moito más frecuentes os clarinetes de cana heteroglotos, nos que a lingüeta sinxela se separa do corpo e é fabricada ben de cana ou ben dunha palla de centeo, trigo ou avea.




Fig. 17: gaitas de cana (arriba) e sabugueiro (abaixo) heteroglotas. As de cana levan lingüetas de centeo, as de sabugueiro do mesmo material.

Estes sinxelos clarinetes eran soprados directamente coa boca e nunca puidemos documentar respiración circular para elo. A súa construcción precisaba dun bo manexo da navalla para tallar as lingüetas sinxelas nas pallas, na cana ou no sabugueiro, e neste dous últimos casos tamén era necesario saber practicar os furados dixitais cun ferriño quecido na lareira ou

⁸ Ambos materiais presentan un furado interior natural.

na cociña de ferro que tamén se empregaba para baleirar o miolo do sabugueiro. A práctica con estes instrumentos engadía pois, as habilidades anteriormente citadas, o manexo dos ferros quentes e a destreza na factura de lingüetas sinxelas, que logo serán empregadas para os roncóns das gaitas de fol.

O 33% dos vellos gaiteiros cos que pudemos conversar converteron os seus clarinetes en gaitas de fol acolándolles un fol, normalmente feito de vexiga de porco curtida, aínda que tamén de pelicas de gatos e pequenos años ou cabritos, máis raramente de peles de can. Na figura 18 podemos ver qué tipo de materiais se emplegaron para fabricar este tipo de instrumentos e cantos gaiteiros as emplegaron en cada provincia, mentres que na figura 19 expoñemos a estatística do seu uso por provincias.

Clarinetes con fol (gaitas de vexiga)


De cana	13 Pontevedra 1 Lugo 9 A Coruña
De sabugueiro	1 Pontevedra 2 Lugo 6 A Coruña 3 Ourense
Rasca	3 Pontevedra

Total de gaiteiros que fixeron gaitas de vexiga: 33%

Fig. 18: número de gaiteiros entrevistados que usaron gaitas de vexiga con cantores tipo clarinete e materiais con que fabricaban os cantores.



Fig. 19: tanto por cento de uso das gaitas de vexiga entre os gaiteiros das diferentes provincias.



No sur da provincia de Pontevedra, na comarca do Baixo Miño, puidemos documentar unha gaita de fol de lingüeta sinxela, fabricada de sabugueiro, e cun resoador de corno, unha gaita que sen dúbida pertence á familia dos albogues medievais⁹, normalmente fabricada por rapazotes, aínda que tamén por adultos, que recibe o nome de rosca (fig. 20).



Fig. 20: a rosca do Baixo Miño (dereita) e iluminación da cantiga nº 260 do códice escurialense (esquerda) onde se pode apreciar a grande semellanza entre estes dous instrumentos.

Como se aprecia na figura 19 entre os gaiteiros de Lugo e Ourense a porcentaxe de uso das gaitas de fol de vexiga é moi baixa (10 e 20% respectivamente), entre os gaiteiros da Coruña é bastante elevada (50%) e moi elevada entre os de Pontevedra, provincia na que case o 70% dos gaiteiros entrevistados construíron este tipo de gaitas de fol con cantores de tipo clarinete.

Este tipo de gaitas de fol fabricadas cunha vexiga podían ou non ir fornecidas con un bordón e este podía finar na mesma octava que o cantor ou

⁹ Carpintero, P. Etnofolk.

dúas octavas por debaixo. As roscas sempre carecían sempre de bordón e podían tocarse tamén directamente coa boca.

O uso de gaitas de fol con cantores de lingüeta sinxela dotaba ós nenos de novas habilidades moi significativas á hora da aprendizaxe da gaita de fol. Estas pequenas gaitas son, no seu manexo, moi semellantes a aquela; sen embargo, o seu menor consumo de aire e a maior sensibilidade das lingüetas sinxelas do tubo cantor fan que estas gaitas de vexiga requirian un tempero máis exquisito que as gaitas de fol. Así pois, salvo pola forza que unha gaita de fol precisa no brazo polo seu maior consumo de aire, o manexo dunha gaita de vexiga prepara perfectamente a un gaiteiro para o uso daquela. Tamén o curtido de peles para o fol da gaita, así como o xeito de atar os tubos a este se desenvolven co uso destes instrumentos.

Outro tipo de aerófonos de gran sona entre os rapaces galegos foron os de bisel. Entre estes, as frautas traveseiras foron amplamente empregadas por toda Galiza (fig. 21), tanto por futuros gaiteiros como por gaiteiros adultos, pois permitían tocar as melodías coa mesma dixitación que a gaita de fol.

Frautas traveseiras

De cana	8 Pontevedra 10 Lugo 8 Coruña 3 Ourense
De sabugueiro	4 Pontevedra 3 Lugo 1 A Coruña 6 Ourense
De madeira	5 Pontevedra 3 Lugo 6 A Coruña

Fig. 21: uso de frautas traveseiras entre os gaiteiros entrevistados

Fabricaron frautas traveseiras o 37% usáronas o 50%

En Portugal todos os gaiteiros entrevistados aprenderon con pifaros

Na figura 21 pódese observar como en Galiza o uso de frautas traveseiras aumenta de noreste a suroeste, seguindo esta tendenza cara ó sur onde acada o 100% entre os gaiteiros portugueses entrevistados. Se ben o uso de frautas traveseiras, que se fabricaban de cana ou sabugueiro, áinda que tamén se mercaban feitas de buxo nas feiras a módicos prezos, non aportan habilidades extras sobre os clarinetes e óboes, si facilitan en grande maneira a

práctica da dixitación cun gasto moito menor de aire e polo tanto cunha fatiga menor, razón pola que seguramente foron tan empregadas. Esta fatiga redúcese a mínimos no caso das frautas de bisel rectas, que tamén foron moi frecuentes entre os nenos (fig. 22), ben fabricadas de casca de castiñeiro (*xipros*) ou salgueiro (*chifres*), ou ben de sabugueiro ou cana (*pitos*). Tamén se venderon nas feiras frautas de bisel rectas fabricadas de metal. Na zona oriental fabricáronse frautas de bisel con cornos de cabra, recibindo neste caso o nome de *caramelas* ou *pitos*, sendo instrumentos típicos de pastores (nenos e adultos) destas montañas lucenses.

Frautas rectas

De cana	1 Lugo 4 Coruña
De sabugueiro	2 Lugo 1 Ourense
De cedia	8 Pontevedra 9 Lugo 5 A Coruña
Caramelas	2 Lugo
De metal	1 Lugo 1 Ourense

Usaron frautas rectas o 30%

Fig. 22: uso das frautas rectas (aerófonos de bisel) entre os gaiteiros entrevistados. Materiais empregados para facelas e número de gaiteiros que usaron cada tipo por provincia. As caramelas eran fabricadas con cornos de cabra. As de metal vendíanse nas feiras.

Por fin, non quixeramos rematar este rápido exame dos instrumentos empregados polos futuros gaiteiros tradicionais sen comentar o uso doutros instrumentos que contribuíron tamén á aprendizaxe musical de algúns destes nenos. Vexámoslos na figura 23.

Outros instrumentos

Cornetas de cabra	9 A Coruña
Frautas de Pan	15
Trompa/birimbau	1 Pontevedra 2 Lugo 1 A Coruña

Fig. 23: outros instrumentos fabricados ou usados polos nenos futuros gaiteiros para a aprendizaxe musical.

As cornetas fabricadas con cornos de cabra (aerófonos de lingüeta membranosa) foron moi empregadas na comarca de Ordes, requirindo uns considerables folgos para facelas soar e sendo o único aerófono galego onde temos documentada a respiración circular. A trompa ou birimbau tamén debeu ser un instrumento moi común noutros tempos áinda que xa apreciamos que no século XX estivo en franca regresión conservándose só retazos do seu uso aquí e acolá; e por fin, as frautas de Pan ou siringas (denominadas chifres, chiflos ou apitos dependendo da zona) foron un instrumento bastante común e tamén empregado por capadores e paragueiros como reclamo dos seus respectivos oficios.

Como resultado do uso de todos estes sinxelos instrumentos os futuros gaiteiros coñecían de antemán os segredos da fabricación dos tres compoñentes funxibles das gaitas de fol: foles, palletas e pallóns. Na figura 24 apréciase como case o 80% dos gaiteiros entrevistados sabían facer ou facian as súas propias palletas, porcentaxe que aumenta ata case a totalidade no caso dos pallóns. O proceso de curtido dunha pelica para a fabricación dun fol é coñecido por un tercio dos informantes.